



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

Xanceda s/n 15685 Mesía CIF: P1504800B Telf. 981 687 001 - Fax 981 687 069

BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DUN/DUNHA TRABALLADOR/A SOCIAL E CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

Ten por obxecto a presente convocatoria a contratación temporal dun/dunha TRABALLADOR/A SOCIAL mediante contrato de obra ou servizo determinado para substituír á titular do posto mentres dure á súa baixa, e crear así mesmo unha bolsa de emprego para cubrir baixas de xeito temporal. A xornada de traballo é de 37,50 horas á semana e o salario é de 1.922,56 € brutos ao mes, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias.

SEGUNDA.- FUNCÍONS E DURACIÓN

As funcións propias do posto son, entre outras: Atención ao público relacionada coa Área de Servizos Sociais; información, orientación e asesoramento a toda a poboación; información, valoración técnica e intervención ou derivación ao recurso que sexa necesario; información e derivación dos/as usuarios/as atendendo ás súas circunstancias; elaboración de plans de intervención, deseño e execución de programas ou accións educativas e intervencións coa comunidade; xestión da información relacionada coa Área de Servizos Sociais e coas súas diferentes ferramentas (bases de datos, arquivos, expedientes...); xestión do servizo de axuda no fogar, así como a xestión das prestacións destinadas a garantir a autonomía persoal e a atención á dependencia; coordinación co posto de Educador/a Familiar para a realización de intervencións derivadas do SAF ou coas persoas coidadoras; información, asesoramento, intervención e derivación de mulleres vítimas de violencia de xénero; xestión do programa de emerxencia social; realización de visitas domiciliarias; xestión e administración de axudas e subvencións da Área de Servizos Sociais e outras funcións directamente relacionadas coa Área que lle poidan ser encomendadas polo seu superior xerárquico.

A duración deste contrato queda vinculada á baixa da persoa que presta os seus servizos actualmente no concello de Mesía, de tal xeito que na data en que aquela se reincorpore ao seu posto, finalizará a duración do contrato.

TERCEIRA.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Para poder tomar parte no proceso de selección será necesario que os/as aspirantes reúnan, na data de finalización do prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

1. Ser español e maior de 16 anos, con idade non superior á xubilación, sen prexuízo do disposto na legalidade vixente para o acceso dos nacionais dos Estados membros da U.E., así como os estranxeiros residentes en España.
2. Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións públicas, nin estar incurso en ningunha causa de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial para exercer funcións similares ás das presentes bases. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente ni estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
3. Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das correspondentes funcións.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

Xanceda s/n 15685 Mesía CIF: P1504800B Telf. 981 687 001 - Fax 981 687 069

4. Estar en posesión do título oficial de Grao ou Diplomatura universitaria en Traballo Social. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro se deberá estar en posesión da correspondente convalidación ou da credencial que acredite, no seu caso a homologación.
5. Estar en posesión do permiso de conducir B1.

CUARTA.- PUBLICIDADE

A convocatoria anunciarase mediante publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no taboleiro de anuncios municipal, e na páxina web do concello (www.concellodemesia.gal).

Os resultados das probas, a efectos de notificación dos/as interesados/as, así como as citacións e emplacements deles/as, levaranse a cabo unicamente a través da páxina web e do taboleiro de anuncios do concello.

QUINTA.- SOLICITUDES

As/os interesadas/os deberán presentar a solicitude de participación segundo o Anexo I destas bases acompañada da seguinte documentación:

- DNI.
- Permiso de conducir.
- Título esixido na base terceira.
- Certificación acreditativa do coñecemento do idioma galego (Celga 4).

De non acreditar o coñecemento do idioma galego, será obrigatorio realizar un exercicio práctico ante o Tribunal que consistirá na tradución directa e/ou inversa dun ou varios textos, en castelán ou galego, nun tempo máximo de trinta minutos. O exercicio cualifícase de apto ou non apto. Non superarán este exercicio aqueles/as aspirantes que non obteñan a cualificación de apto, e, en consecuencia, quedarán excluídos do proceso selectivo

- Documentación acreditativa dos méritos que constan na base sétima.

A presentación da solicitude coa documentación farase no Rexistro Xeral do Concello (Xanceda, s/n, 15685, Mesía) en horario de 8:00h a 15:00h, de luns a venres, por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, no prazo de sete días naturais, contados dende o seguinte ó da publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Non obstante, e dada a urxencia da contratación, as/os aspirantes que presentasen a documentación noutros lugares que non fose o Rexistro Xeral do Concello deberán remitir un fax, ao número 981687069, dando aviso da presentación de instancia, presentando xustificación da solicitude e copia escanada do contido da solicitude ao correo electrónico correo@concellodemesia.gal ou ben por fax ao número 981687069. Se non cumpren con este requisitos non serán admitidas as solicitudes presentadas ao concello mais tarde do prazo previsto.

A presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo supón a aceptación e acatamento de todas e cada unha das bases desta convocatoria, así como o consentimento do solicitante para o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección. Así mesmo, os solicitantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición nos taboleiros de anuncios e na páxina web do concello para todo o relacionado co proceso selectivo.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

Xanceda s/n 15685 Mesía CIF: P1504800B Telf. 981 687 001 - Fax 981 687 069

Se, en calquera momento do proceso selectivo, se constata que o aspirante incorreu en falsidade na documentación aportada ou na declaración na que asegura estar en posesión de determinada documentación, o órgano competente procederá á súa exclusión do proceso selectivo.

SEXTA.- RELACIÓN DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS

Rematado o prazo de presentación de solicitudes publicárase no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello, nun prazo non superior a 3 días hábiles, unha relación de aspirantes para o posto, especificando o cumprimento dos requisitos.

Os/as aspirantes terán, se é o caso, un prazo non inferior a 2 días hábiles para a subsanación de deficiencias e/ou reclamacións dende a publicación da dita relación.

Nun prazo non superior a 3 días hábiles dende a terminación do prazo anterior publicárase a relación definitiva de admitidos e excluídos nas probas selectivas, que será publicada no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello. No caso de que non exista necesidade de subsanación nin de reclamación, a primeira lista será definitiva.

Nesta mesma resolución nomeárase e emprazárase ao Tribunal para a valoración dos méritos e aos/ás aspirantes admitidos/as para a realización da proba sinalada na base sétima.

SÉTIMA.- SISTEMA DE SELECCIÓN

O sistema de selección será o de concurso-oposición.

1. Fase de concurso. Máximo 10 puntos.

1.1. Experiencia profesional. Puntuación máxima: 5 puntos. Valorárase a experiencia en postos de traballo igual ou equivalente ao que se convoca.

-Por servizos prestados na Administración Pública, 0,20 puntos por cada mes completo de servizos prestados.

-Por servizos prestados en empresas ou entidades privadas: 0,10 puntos por cada mes completo de servizos prestados.

Non se terán en conta os períodos inferiores ao mes.

A experiencia profesional xustificarase mediante un informe de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, no que se especifican os días cotizados en cada contrato, que serán os que teñan en conta (en períodos de 30 días) para valorar e puntuar a experiencia laboral. O dito informe irá acompañado dos contratos de traballo correspondentes, e dun documento aclaratorio no caso de que non especificasen o seu obxecto con claridade e precisión, e as súas prórrogas, no seu caso, ou un certificado da empresa ou da Administración correspondente. De non presentarse o dito informe non se valorará o apartado de experiencia profesional.

1.2. Formación específica: relacionada coas funcións propias do posto de traballo (Traballo Social), a xuízo do órgano de selección: cursos de formación e perfeccionamento, organizados polas Administracións Públicas, escolas oficiais da Administración Pública e/ou universidades, colexios profesionais ou incluída nos plans de formación das mesmas. Ata 3 puntos.

Non serán valorados seminarios, xornadas, encontros, ponencias ou análogos, nin os documentos expedidos por academias privadas.

De 40 horas e ata 80 horas: 0,25 puntos por curso.

De máis de 80 horas e ata 150 horas: 0,5 puntos por curso.

De máis de 150 horas: 1 punto por curso.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

Xanceda s/n 15685 Mesía CIF: P1504800B Telf. 981 687 001 - Fax 981 687 069

En todos os casos valoraranse unha soa vez os cursos relativos a unha mesma materia, aínda que se repetira a súa participación, e valorarase unicamente o de nivel superior ou avanzado. Os cursos xustificaranse mediante fotocopia dos certificados, diplomas, documentos ou títulos acreditativos, que deberán expresar a duración en horas e expresar con suficiente claridade o seu contido básico. De non acreditarse a duración dos cursos, ou data de realización, estes non se valorarán. Non se valorarán os cursos cuxa finalidade sexa a obtención dun título académico.

1.3. Formación académica: Ata 2 puntos. Valoraranse outras titulacións académicas distintas da esixida como requisito para participar neste proceso selectivo, segundo o seguinte baremo:

a) Titulación universitaria superior: 2 puntos.

b) Diplomatura universitaria ou equivalente: 1 punto.

Non se terán en conta aquelas titulacións que foran requisito para acceder á titulación superior.

2. Fase de Oposición. Máximo 20 puntos

Desenrolo dun suposto práctico proposto polo Tribunal relacionado cos contidos e funcións propias do posto e co Temario Anexo, durante unha hora e media. Valorarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á proposta plantexada, así como a claridade de ideas e coherencia expositiva. O Tribunal poderá establecer que se realice a exposición oral do exercicio ante o Tribunal, podendo neste caso realizar as preguntas que estime conveniente, en orde a comprobar os coñecementos, competencias, aptitudes e capacidade dos aspirantes. Puntuación máxima: 20 puntos. Deberá acadarse un mínimo de 10 puntos.

3. O resultado final do concurso-oposición obterase sumando a puntuación da fase de oposición e a fase de concurso.

4. No caso de empate de puntuación entre aspirantes, primará a fase de oposición sobre a de concurso. En caso de que permanecera o empate, procederíase a sorteo público.

OITAVA.- O TRIBUNAL CUALIFICADOR.

O tribunal cualificador estará composto por un presidente, un secretario, e tres vogais de conformidade co artigo 60 do Real Decreto legislativo 5/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público.

Todos/as os/as vogais deberán contar con titulación igual ou superior á esixida como requisito dos aspirantes. O tribunal cualificador non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, polo menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o/a presidente/a e o/a secretario/a ou persoas en quen deleguen. De todas as reunións que faga o tribunal o/a secretario/a redactará acta. As decisións se adoptarán por maioría de votos dos membros presentes resolvendo en caso de empate o voto de calidade do/a presidente/a do tribunal.

Os membros do tribunal absteranse de intervir e comunicaranse á autoridade convocante cando concorran algunhas das circunstancias prevista no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

O tribunal resolverá todas as dúbidas que xurdan en aplicación das presentes bases, así como, nos casos non previstos polas mesmas.

A composición do tribunal cualificador darase a coñecer xunto coa relación definitiva de admitidos.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

Xanceda s/n 15685 Mesía CIF: P1504800B Telf. 981 687 001 - Fax 981 687 069

NOVENA.- RESOLUCIÓN

Concluído o proceso selectivo, o Tribunal publicará as puntuacións acadadas por cada un dos/das aspirantes no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, establecendo un prazo de dous días para a presentación de reclamacións. No caso de existiren, reunirase novamente o tribunal para resolvelas.

O Tribunal cualificador elevará proposta de contratación ao Alcalde do Concello, a favor do/a aspirante que obtivese a puntuación máis alta. Aprobada por decreto de Alcaldía, a proposta do Tribunal, notificarase ao/á interesado/a para que subscriba o contrato laboral. Previamente deberá presentar:

- a) Informe médico oficial no que conste que non padece enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes ó posto de traballo ó que se opta.
- b) Documentación orixinal acreditativa dos requisitos ou méritos alegados, no seu caso.

DÉCIMA.- BOLSA DE EMPREGO

Na acta da selección, incluírase unha lista dos restantes candidatos por orde decrecente de puntuación, e sempre que tiveran superado a fase de oposición, para a elaboración dunha bolsa de emprego, para os efectos exclusivos de cubrir baixas de xeito temporal. A bolsa de emprego será aprobada por resolución da Alcaldía e publicarase no Taboleiro de anuncios do concello para os efectos de notificación a todas as persoas participantes e os demais interesados, permanecerá en vigor durante catro anos desde a súa aprobación, non obstante poderá ser obxecto de prórroga por causas debidamente xustificadas.

Coa finalidade de axilizar os trámites, os chamamentos ou requirimentos aos seguintes candidatos efectuaranse preferentemente por chamada telefónica contactándose con eles no número de teléfono que deixen de referencia na solicitude, e pasando ao seguinte candidato no suposto de que no se contactase co candidato despois de dous chamadas en horas diferentes, deixando dilixencia desta actuación un empregado público do Concello.

En atención ao tempo transcorrido ou por calquera outro motivo xustifico, poderase requerir novamente ao candidato a documentación esixida no presente proceso aos efectos de comprobar que se seguen a cumprir os requisitos de participación de acordo ao previsto nestas Bases.

A utilización da bolsa de emprego queda, en todo caso, condicionada ao que resulte da aplicación do Orzamento municipal, así como da lexislación estatal relativa á contratación de persoal interino ou laboral temporal.

ONCEAVA.- RECURSOS

A presente convocatoria, as súas Bases e todos os actos administrativos que da mesma se deriven poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma dispostos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo das administracións públicas.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

Xanceda s/n 15685 Mesía CIF: P1504800B Telf. 981 687 001 - Fax 981 687 069

ANEXOS

ANEXO I.- SOLICITUDE PARTICIPACIÓN PROCESO DE SELECCIÓN DUN/HA TRABALLADOR/A SOCIAL E CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO.

D/ D^a....., con DNI número....., e domicilio, para os efectos de notificación, en....., C.P....., teléfono....., correo electrónico.....

EXPÓN:

Que desexa participar no proceso selectivo convocado para a provisión do posto de traballo de TRABALLADOR/A SOCIAL no Concello de Mesía, de acordo coas bases da convocatoria aprobadas a tal efecto por Decreto de Alcaldía.

A tal efecto declara responsablemente:

- 1º.- Que reúne todos e cada un dos requisitos para participar esixidos na convocatoria.
- 2º.- Que coñece e acata incondicionalmente o contido das bases, e consinto o tratamento dos meus datos persoais coa finalidade de levar a cabo o proceso selectivo.
- 3º.- Que son certos todos os datos sinalados na presente solicitude.
- 4º.- Que posúe as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas necesarias para o desenvolvemento das correspondentes funcións o tarefas correspondentes á praza á que se opta.
- 5º.- Que non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
- 6º.- Que non ten sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública nin está inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

Documentación que achega:

- DNI.
- Permiso de conducir.
- Titulacións esixida.
- Certificado acreditativo do coñecemento do idioma galego, Celga 4.
- Documentación acreditativa dos méritos da base sétima:

o _____
o _____
o _____
o _____
o _____

En, a....., de, de 2022

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MESÍA



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

Xanceda s/n 15685 Mesía CIF: P1504800B Telf. 981 687 001 - Fax 981 687 069

ANEXO II. TEMARIO

PARTE XERAL

Tema 1.- A Constitución española de 1978: principios xerais e estrutura. Dereitos fundamentais e liberdades públicas. A Coroa, as Cortes Xerais, o poder Xudicial e o Goberno na Constitución.

Tema 2.- Estatuto de Autonomía de Galicia: principios xerais e estrutura.

Tema 3.- O municipio: concepto e elementos. Competencias propias, compartidas e delegadas. Os servizos mínimos. A reserva de servizos. O termo municipal. A poboación municipal. O estatuto dos veciños.

Tema 4.- A organización municipal nos concellos de réxime común. Órganos necesarios e órganos complementarios. O Pleno. O Alcalde. Os tenentes de Alcalde. A Xunta de Goberno Local. Competencias de cada un deles. A participación dos veciños na xestión municipal.

Tema 5.- A potestade regulamentaria local. Ordenanzas e Regulamentos. Definición. Clases. Procedemento de elaboración e aprobación. Especial referencia ás ordenanzas fiscais.

Tema 6.- A Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas. Os dereitos dos cidadáns nas súas relacións coa administración. Os rexistros. O arquivo de documentos. Os documentos no expediente administrativo.

Tema 7.- O acto administrativo. Motivación e forma. Os termos e prazos. Eficacia dos actos administrativos. A notificación e publicación dos actos administrativos. Especial referencia á notificación electrónica.

Tema 8.- O procedemento administrativo: concepto e clases. Os principios xerais do procedemento administrativo. As normas reguladoras. Fases do procedemento administrativo xeral. Os informes. O trámite de audiencia.

Tema 9.- A resolución do procedemento administrativo. A obriga de resolver. O silencio administrativo. Os recursos administrativos: concepto e clases.

Tema 10.-A invalidez do acto administrativo. Actos supostos de nulidade de pleno dereito e de anulabilidade. O principio de conservación do acto administrativo. A revisión de actos e disposicións pola propia Administración. A acción de nulidade, procedemento, límites. Efectos. A declaración de lesividade. A revogación de actos. A rectificación de erros materiais e de feito.

Tema 11.- Os funcionarios da Administración local. Organización da función pública local. A oferta de emprego público e as relacións de postos de traballo. Dereitos e deberes dos empregados públicos locais. Faltas e sancións. O procedemento disciplinario.

Tema 12.-A actividade en materia de subvencións das Entidades Locais: Regulación. Procedementos de concesión de subvencións. Beneficiarios de subvencións Xustificación de subvencións. Infraccións e sancións en materia de subvencións

PARTE ESPECÍFICA

Tema 1.-Os servizos sociais no ámbito local: Competencias das entidades locais en materia de servizos sociais segundo a Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Tema 2.-Marco competencial autonómico dos servizos sociais: Lei de servizos sociais de Galicia. Estructura, niveis de atención, equipo profesional de Servizos Sociais. Profesional de referencia.

Tema 3.-. Decreto 99/2012 do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento. Conceptos xerais.

Tema 4.- Convenio programa para o desenvolvemento para as prestacións básicas de servizos sociais nas corporacións locais. Principios xerais do Plan Concertado.

Tema 5.-. Naturaleza e funcións dos servizos sociais comunitarios básicos.

Tema 6.- Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención a persoas en situación de dependencia. Graos de dependencia.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

Xanceda s/n 15685 Mesía CIF: P1504800B Telf. 981 687 001 - Fax 981 687 069

Tema 7.-Valoración da situación de dependencia. Recoñecemento do dereito. Financiamento do sistema e aportación das persoas usuarias.

Tema 8.- Prestación e catálogo de servizos de atención para a autonomía e atención á dependencia. Procedemento de elaboración do PIA e seguimento do PIA. Programa de asignación de recursos.

Tema 9.- O Servizo de axuda no fogar no ámbito local. Orde 22 de xaneiro de 2009.

Tema 10.- A teleasistencia e o programa de xantar na casa. Obxectivos e funcións.

Tema 11.-A Ordenanza do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Oroso.

Tema 12.- A Ordenanza reguladora da taxa pola recepción de atención do servizo de axuda no Fogar do Concello de Oroso.

Tema 13.- O traballo social como disciplina. Perfil profesional do/a traballador/a social. Funcións e competencias.

Tema 14.- Deontoloxía no traballo social e ética profesional. O Código ético. A confidencialidade e o segredo profesional.

Tema 15.- Metodoloxía do Traballo Social. Conceptos e fases do método Básico. Niveis de actuación.

Tema 16.- A Planificación no traballo social: elaboración de programas e proxectos sociais.

Tema 17.- Técnicas aplicadas ao traballo social: instrumentos de coñecemento, intervención e avaliación.

Tema 18.- As técnicas instrumentais de recollida de datos aplicadas ao traballo social. Tema 19.- Traballo social comunitario. Metodoloxía da Intervención.

Tema 20.- O informe social. Orde do 1 de abril de 2013 pola que se aproba o modelo de informe social unificado para a área de dependencia, discapacidade e promoción da autonomía persoal e se aproba a súa utilización no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Tema 21.-. Ferramentas informáticas para o traballo social: SIUSSGAL, SIGAD, MATIASS, HSU. Concepto e finalidade.

Tema 22.-A Historia social única: o Decreto 89/2016, do 30 de xuño, polo que se regula a creación, uso e acceso a historia social única electrónica.

Tema 23.- Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia. Acollemento familiar na Comunidade Autónoma.

Tema 24.-. Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia. Principios rectores e familias de especial consideración respecto á lei.

Tema 25.- Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais de Galicia. As obrigas das entidades.

Tema 26.- O sistema español de Seguridade Social: pensións contributivas. Pensións non contributivas. As incapacidades e prestacións. O Ingreso Mínimo Vital.

Tema 27.- A situación de desemprego. Integración laboral e social. Os subsidios de desemprego.

Tema 28.- Lei 10/2013 do 27 de novembro de Inclusión Social de Galicia e Decreto 14/2019 de desenvolvemento da Lei de inclusión social de Galicia. Definición, persoas beneficiarias, estrutura dos tramos, requisitos xerais de acceso e exencións.

Tema 29.-A Renda de inclusión social de Galicia (RISGA). Modificación, suspensión e extinción da RISGA

Tema 30.- As axudas de inclusión social de Galicia (AIS). Tramitación.

Tema 31.- A abordaxe das situacións de emerxencia desde a atención primaria. Axudas específicas: Definición e requisitos.

Tema 32.- Dereito de familia: matrimonio, filiación, tutela, adopción. Educación sexual e planificación familiar.

Tema 33.- Actuacións perante situacións de desprotección social do menor: risco e desamparo. Medidas de protección.

Tema 34.-Guía de detección do maltrato infantil da Xunta de Galicia.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

Xanceda s/n 15685 Mesía CIF: P1504800B Telf. 981 687 001 - Fax 981 687 069

Tema 35.- Colectivos específicos: menores. O papel dos Servizos Sociais. Medidas de protección. Recursos e programas coa infancia e a adolescencia.

Tema 36.- Os puntos de encontro familiar en Galicia: regulación no Decreto 96/2014, do 3 de xullo. Obxectivos dos puntos de encontro familiar. Dereitos e deberes das persoas usuarias.

Tema 37.- A Lei 11/2010, de 17 de decembro, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade. Medidas de prevención nos diferentes ámbitos. Información e control. Réxime sancionador.

Tema 38.- Colectivos específicos: persoas con discapacidade. Procedemento para a valoración e o recoñecemento da discapacidade.

Tema 39.- Necesidades e recursos das persoas con discapacidade. Programas. Centros de atención a persoas con discapacidade.

Tema 40.- Colectivos específicos: persoas maiores. Aspectos sociais do envellecemento. Necesidades sociais das persoas maiores. Recursos. Servizos de apoio.

Tema 41.- Colectivos específicos: Muller. O papel do/a traballador/a social na atención á muller no ámbito municipal. Actuacións dos profesionais nos servizos sociais para a atención das mulleres que sofren violencia de xénero.

Tema 42.- Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro de medidas de Protección integral contra a violencia de xénero. Centros de información a muller (CIM): requisitos para o seu funcionamento, servizos, equipo e funcións na rede asistencial galega.

Tema 43.- Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Formas de violencia de xénero. Acreditación da situación de violencia.

Tema 44.- Protección e asistencia en materia de violencia de xénero. Medidas. Organización do sistema de protección.

Tema 45.- As axudas económicas e as prestacións periódicas para mulleres vítimas de violencia de xénero.

Tema 46.- A participación da iniciativa privada nos Servizos Sociais. O Voluntariado Social. O traballador social na xestión do voluntariado.

Tema 47.- Drogodependencias. Clasificación das Drogas. Aspectos Sociais. Recursos e Servizos.

Tema 48.- O Plan de Galicia sobre Drogas.

Mesía, na data da sinatura electrónica.

D. Mariano Iglesias Castro. Alcalde.